

20 // proPostas

Desarmar supostos

Ensaio Angueira resitúa unha novela irregularmente valorada

Aínda que xa ao inicio da súa obra, saudada polos grandes nomes da posguerra, e sobre todo a partir da década dos oitenta non foi pouca a bagaxe crítica tras cada novo volume asinado por X. L. Méndez Ferrín, algunhas lagoas seguen a parecer chocantes. Declaraba Anxo Angueira a *Galicia Hoxe*: “á crítica galega, en xeral, cústalle asumir retos, saír das engrenaxes repetidas. (...) [*Breña, Esmeraldina*] custa entendela como escenificación literaria e estética de ruptura co nacionalismo hexemónico (...) entón pechamos os ollos e non queremos ler a novela porque o independentismo para moitas mentes aínda é tabú”.

Cómpre ler tamén, pois, transgresión no profundo esforzo de entendemento que anima *A espiral no espello. Breña, Esmeraldina e o sistema literario galego* (Xerais, 2009). E é que *Breña, Esmeraldina* –con *Antón e os inocentes*, unha das obras máis irregularmente valoradas do corpus ferriniano– serviu a certa crítica para postular un novelista falido fronte ao excelso poeta e autor de relatos que se celebrara desde 1958. O ensaio que asina Anxo Angueira pretende desarmar de vez a gratuidade dese suposto.

A espiral no espello. Breña, Esmeraldina e o sistema literario galego · Anxo Angueira · Xerais, 2010 · 704 páx · 32 euros



Ao noso entender destacan no estudo polo menos cinco teses: a primeira, que a novelística de Méndez Ferrín ocupa o mesmo lugar privilegiado ca o resto da súa produción, un macrotexto no que resulta ben difícil efectuar partillas; a segunda, *Breña, Esmeraldina* como obra cenital do mestre ourensán. A terceira apunta sen ambages cara á emerxencia dun marco histórico-político que sostaría, alén das lecturas biográficas, o discurso da densísima narración publicada en 1987 (a reedición de 2007 xa inclúe introdución e notas do propio Angueira). Nunha cuarta dimensión d’*A espiral no espello* descobre Angueira o rigor arquitectónico do cosmos *Breña, Esmeraldina*, onde tan fácil resultou perderse a algúns; a súa complexidade formal, lingüística e de contido respondería ademais con plena conciencia ao carácter de acontece-



Imaxe incluída na exposición *Cárcel de Carabanchel. De la represión al olvido* // Uly Martín/El País

mento inaugural. No cabo está a reafirmación dunha herdanza vixente, a da Nova Narrativa, que Ferrín elevaría á máxima expresión asentando o sistema autónomo recoñecido dentro e fóra do noso país como literatura galega.

Posto que a voz alegórica que letramos en *Retorno a Tagen Ata* estala agora en mil nomes e materiais traídos da Historia, da vida persoal, do simbólico-cultural e do político, Anxo Angueira viuse obrigado a seguir a estela dese patrimonio humanístico ferriniano ao que non fai xustiza o termo *erudición*. Diverso será tamén o interese das lectoras e lectores que visiten *A espiral no espello*: os seus sete centos de

páxinas brindan moitos rizóns para a abordaxe dunha literatura co selo da esixencia. Ha preferir os primeiros capítulos quen se interese polo aspecto estrutural da novela, desvelando a través do profesor da Terra de Iria as concatenacións que, ao xeito de paradoxo topolóxico, van e veñen ata debuxar unha monumental concepción narrativa; exactamente o oposto ao que xulgaron algunhas lecturas presumindo simple amoreamento, vagos episodios ou profusión de lirismo. Para o particular enfoque que achega *Breña, Esmeraldina* ao subxénero carcerario tomaranse como antecedentes obras de Jack London, Álvaro Cunqueiro e Torrente Ballester. Calque-

ra persoa interesada pola interacción entre os relatos sociopolíticos e a Historia recente achará aliás n’*A espiral no espello*, sempre con Bourdieu ao fondo, un amplo abano de posibilidades que van, entre moitas outras, desde o papel da Breña no imaxinario nacional ata a praxe da esquerda independentista.

Quen desexe estudar en profundidade o conxunto da obra do narrador Méndez Ferrín, mesmo teorizar sobre a constitución do noso sistema literario, poderá obviamente discrepar das teses d’*A espiral no espello*, pero ninguén se dará permitido a partir de agora a frivolidade crítica de ignoralas. // **Xabier Cordal**